

Exposición HORTUS CONCLUSUS de Christian Villamide CENTRO MARCOS VALCARCEL. Ourense

Por Ramón Rozas

Hortus Conclusus, 2018

La Exposición “HORTUS CONCLUSUS” de Christian Villamide que se inaugura no Centro Cultural Marcos Valcárcel en Ourense, presentanos obras de series como: Hábitat restituído, Paisaxes cautivas, Ilustración, Topografías, Proyectos para restituír montañas entre otros, algunas de estas obras estiveron en ART MADRID 18 con la galería de arte Luisa Pita. Entre os meus últimos traballos podemos ver obras máis escultóricas nos que uso o mármore braco ou a madeira fenólica, outras obras son pictóricas e por último unha serie fotográfica: Hortus conclusus.

Texto introductorio sobre a obra de Christian Villamide

A construción da paisaxe e a súa (de)construción sitúanse como os dous movementos telúricos que fan da obra de Christian Villamide unha reelaboración desa paisaxe como un reactivo natural. Un choque de forzas no que, se a arte enfrontouse nun gran número de veces á paisaxe como escenario, o noso protagonista tenta mudar ese ámbito adentrándose nel e plantexando unha nova interpretación de si mesmo.

A capacidade de análise formal de Christian Villamide non deixa de sorprender exposición tras exposición polos plantexamentos visuais que acada coa súa nova configuración da realidade, das nosas xeografías convertidas en novas paisaxes que emerxen desa síntese meditada e precisa que ben, traballando no propio medio natural, ou levando ata a sala de exposicións os seus proxectos, artéllanse como un estudo da tensión que emerxe da propia natureza e do seu constante proceso de cambio, así como da relación co ser humano.

Un estado natural de muda, de transformación permanente, no que o artista pouosa a súa mirada para, dende a pintura, a escultura, a fotografía ou a instalación, propiciar unha paisaxe artística ‘per se’, na que a experiencia vivida no exterior reinterpretaise baixo un novo soporte que modifica a forma mentres que no fondo segue movéndose nese espazo de liberdade creativa da propia natureza. Unha achega analítica que se desenvolve a través de diferentes series que esculcan por esa fenda que só o creador é quen de recoñecer como o punto de ignición dunha nova proposta. Dende aí créase o novo relato, o do artista que se pregunta, alguén que precisa de respostas que só a materialización dunha nova realidade pódelle ofrecer.

A arte como resposta, pero tamén como pegada para o resto de nós que asistimos a unha contemplación dunha nova paisaxe, ora modificada ora contra a parede, os materiais reciclados do propio medio natural ou os que dende o artístico emprega o creador, constitúense como os enunciados da nova proposta que nos converte en parte desa poética da creba onde a percepción dislócase e sedúcenos xa, convertida en experiencia artística, pola súa condensación e capacidade para provocar emocións e reflexións.

Non é a mirada de Christian Villamide unha mirada contemplativa, é unha mirada de acción, de intervención na realidade cara a composición dunha nova percepción daquilo que nos rodea. Nesa procura móvese o noso protagonista tamén para que sexamos quen de solidarizarnos con esa contorna tantas veces desprezada dende o noso comportamento de sociedade presuntamente avanzada.